

# univer dade

SUPLEMENTO DE EDUCACIÓN DE GALICIA HOXE

A FINAIS DE MES  
REPARTIRÁ 300  
BICICLETAS ENTRE  
OS SEUS MEMBROS

## A USC APOSTA POLA SUSTENTABILIDADE

S.U. SANTIAGO

Un total de 421 universitarios de Santiago e Lugo solicitaron este año unha das novas bicicletas que a USC prestará ata o 27 de xuño. O Plan de desenvolvemento sostenible da USC publicó na súa páxina en internet ([www.usc.es/plans](http://www.usc.es/plans)) a lista de persoas que acudou unha das trescentas bicis ofertadas.

De todas as peticionais, 387 correspondieron a estudiantes (29 deles son Erasmus), 20 a Personal Docente e Investigador, e 14 a Personal de Administración e Servizos, sendo a Escola Técnica Superior de Lugo, con 39 solicitudes, e as facultades de Medicina e de Xeografía e Historia de Santiago, con 41 e 35 solicitudes respectivamente, os centros que maior demanda presentaron.

Os universitarios seleccionados serán convocados a finais do mes de marzo para recoller a súa bicicleta e asinar o contrato de cesión, ademais de recibir dous cadeados e un chaleco reflectante serigrafiado co logo da campaña. Ademais, disporán de asesoramento



O programa de préstamo de bicicletas da USC comezou no curso 2007-2008, e no actual produciuse a súa consolidación.

este é o segundo ano do Programa de Préstamo de Bicicletas que o Plan de Desenvolvemento Sostenible da USC pone en marcha en colaboración coa Dirección Xeral de

nou un convenio coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostenible para a adquisición das 300 que este ano se ofertan.

Con este programa preténdese promover hábitos de mobilidade sostenible que fomenten o uso de transportes alternativos ó automóbil, o cal implica unha redución das emisións de dióxido de carbono e unha desconexión do tráfico existente nos campus.

Non obstante, este programa é só unha pequena parte das propostas que figuran no Plan de desenvolvemento sostenible da USC: o compromiso expresado neste documento é o de "formar persoas e producir ciencia e tecnoloxía baixo criterios de

sustentabilidade fomentando en todos os membros da comunidade universitaria o sentido da responsabilidade polo coñecemento, conservación e mellora do medio natural".

Para iso, a Universidade de Santiago pretende facer unha achega que se concrete nun "modelo integrador do ambiente na universidade, exportable ó resto da sociedade". Polo mesmo, quere poñer "a nosa ciencia e os nosos recursos ó servizo da sociedade para contribuir á creación dun modelo de desenvolvemento sostenible".

O plan creado para cumplir con estes obxectivos artéllase sobre tres eixes, o primeiro dos cales se refire á Xeración de Coñecemento e

Educación Ambiental; neste sentido, a Universidade de Santiago tentará integrar o respecto ó medio natural e á súa sostenibilidade na formación das persoas, para o cal marca a meta de incrementar a oferta de estudos ambientais. Isto realizarase non só nos programas de primeiro e segundo ciclo, senón tamén nos programas de dirixidos a profesionais en exercicio. No referente a investigación, a USC impulsará a busca de alternativas científicas e tecnolóxicas orientadas a resolver os problemas derivados da interrelación entre os humanos e máis o medio natural.

O segundo eixe sobre o cal xira o plan é o denominado Planificación, Xestión e

Avaliación Ambiental. Neste apartado buscase promover e desenvolver prácticas destinadas a maximizar os beneficios e diminuir os riscos ambientais da actividade universitaria. Un dos obxectivos concretos é facer que os resultados sexan visibles fó-

### TRES SON OS EIXES SOBRE OS QUE XIRA O COMPROMISO ECOLOXISTA

ra la Universidade, para que sirva como modelo, e desde aí, proceder a transferencia a outras institucións, públicas ou privadas.

Poñer é o terceiro eixe dedicado a Sensibilización Ambiental e Participación, algo que se entende fundamental para alcanzar unha mellora significativa. Isto converte as actividades de sensibilización e de promoción da participación nunha liña prioritaria de intervención: procurarse dese maneira a creación dunha conciencia ecolóxica para que toda a comunidade universitaria (alumnos, persoal docente e investigador, ou de administración e servizos) se involucre en actividades ligadas á mellora ambiental da universidade en particular e, por extensión, da sociedade en xeral.

De feito, a Universidade entende que os beneficiarios deste plan somos todos, xa que, por exemplo, proxectos como o préstamo de bicicletas farán que diminúa o tráfico non só nos campus, senón tamén nas cidades de Santiago e de Lugo. •

### A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E MAIS VERDEGAIA XA LLE DERON O SEU APÓYO A ESTA INICIATIVA

técnico durante o tempo de vixencia do programa e de descuentos para o arranxo das bicis. Así mesmo, poderán participar en diferentes actividades programadas pola coordinación do plan como cursos formativos sobre conducción segura en bicicleta. Cómprale lembrar que

desenvolvemento sostenible e máis a asociación ecoloxista Verdegaia.

O curso pasado foron presentes os universitarios que gozaron dunha destas bicicletas e dada o seu éxito, con máis de 400 solicitudes recibidas, a USC decidiu apostar pola súa continuidade e así-

### Entrevista con Rafael Álvaro Millán Calenti, secretario do Centro de Estudios Cooperativos

Profesores das tres universidades galegas están integrados nesta institución que estuda o cooperativismo principalmente desde os puntos de vista jurídico e económico. Página 12



### A Universidade de Vigo precisa os terreos de Tafisa para ampliar a súa oferta en Pontevedra

A Facultade de Belas Artes preveu hai anos a necesidade dun novo edificio para implantar novas titulacións, e existe un proxecto para construílo no predio da vella fábrica. Página 14

